



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 623

VII lexislatura

10 de outubro de 2008

Fascículo 2

---

## SUMARIO

---

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### **3. Procedementos de control e impulso**

#### **3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia**

##### **3.2.3. Resolucións aprobadas**

—Resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral, do  
día 7 de outubro de 2008

88540

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

##### 3.2.3. Resolucións aprobadas

#### Resolucións subseguintes ao debate anual de política xeral, do día 7 de outubro de 2008

O Pleno do Parlamento de Galicia na sesión do día 7 de outubro de 2008 aprobou, no punto único da orde do día (Debate anual de política xeral: doc. núm. 31081. 07/DEBA—0003), e pola orde de votación que se detalla, as seguintes resolucións:

##### 1.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa aplicación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado unanimemente polo Parlamento e que indicou o camiño de aproximación, pactos e consenso que deben permitir o impulso da lingua galega dentro do respecto aos dereitos de todas e todos, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia.”

Aprobada por unanimidade.

*(Resolución resultante da transacción elaborada entre as propostas de resolución núms. 1 das presentada polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego e 335 das presentadas polo G. P. Popular de Galicia.)*

##### 2.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista, que este Parlamento unha vez máis condena.”

Aprobada por unanimidade.

*(Resolución resultante da transacción elaborada por todos os grupos parlamentarios en base á proposta de resolución*

*núm. 41 das formuladas polos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego).*

##### 3.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a apertura dun proceso negociador que posibilite a participación da Administración autonómica na xestión das infraestruturas aeroportuarias do noso país.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 10 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

##### 4.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear un ente xestor de infraestruturas ferroviarias para a xestión da rede ferroviaria de proximidade e para impulsar, en colaboración cos concellos, novas iniciativas de mobilidade que permitan mellorar substancialmente a oferta de transporte público urbano e metropolitano.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 11 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

##### 5.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que promova e desenvolva unha nova normativa que modifique a actual sobre estruturas agrarias, que veña a completar o establecido e regulado tanto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia (creación do Bantegal), coma na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (creación das Uxfor); co obxectivo de mellorar e incrementar o aproveitamento da superficie agraria e forestal do noso país.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 17 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 6.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar a investigación de novos instrumentos e aparellos para buques e tripulacións, co obxectivo de mellorar a seguridade das tripulacións e minimizar os riscos na actividade laboral dos traballadores do mar.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 24 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 7.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que lle solicite ao Goberno do Estado a transferencia das competencias en materia de “Servizo Meteorolóxico de Galicia” ao ser esta a única comunidade autónoma, xunto coas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, que aínda non conta coas anteditas competencias.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 25 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 8.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que negocie co Goberno central a equiparación fiscal das actuacións de rehabilitación feitas en Galicia ao abeiro de programas propios e normativa autonómica e as actuacións de rehabilitación feitas ao abeiro do Plan estatal de vivenda, de maneira que as rehabilitacións feitas en Galicia conforme a programas e normativa autonómica teñan os mesmos beneficios fiscais.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 31 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 9.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar as políticas de inclusión social para:

— Mellorar a provisión de recursos mínimos en caso de perentoria necesidade material e facilitar as oportunidades reais de acompañamento, formación e inclusión social.

— Integrar a rede de recursos e as estratexias definidas no II Plan galego de inclusión social para que se incida eficazmente na mellora da situación dos colectivos máis afectados.

— Actualizar os protocolos de derivación e coordinación de recursos entre departamentos, así como as empresas de inserción.

— Establecer unha estratexia de erradicación do chabolismo en clave de proceso dinámico de inclusión social e articular medidas complementarias de vivenda social para persoas en exclusión social.”

Aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 37 abstencións.

*(Proposta de resolución núm. 3 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 10.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un plan estratéxico dos xogos tradicionais (chave, bólos celtas, loita celta, billarda, etc.) co obxectivo de lograr a súa estruturación, dinamización e dotalos dunha rede de infraestruturas dirixida a fomentar a súa práctica.”

Aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 37 abstencións.

*(Proposta de resolución núm. 20 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

11.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar na senda do consenso cos axentes económicos e sociais, e a facer do diálogo social a ferramenta cualificada para a elaboración de políticas de actuación para afrontar a actual situación económica, con especial fincapé naqueles sectores de actividade que están a padecer con máis intensidade os seus efectos, e, en concreto, a:

— Potenciar a formación, tanto de parados como de ocupados, en sectores considerados estratéxicos ou en situación de dificultades, nomeadamente naqueles con elevada presenza feminina.

— Articular instrumentos e programas de políticas de fomento do emprego que permitan a reinserción no mercado laboral daqueles colectivos con máis dificultade de acceder a el, ofrecéndolles unha oportunidade laboral aos traballadores e traballadoras desempregadas que perderan o seu posto de traballo como consecuencia da actual conxuntura económica e mellorando a empregabilidade por medio da adquisición de experiencia profesional en ocupacións ligadas aos novos xacementos de emprego, daqueles que levaran máis dun ano no desemprego.

— Intensificar as actuacións en favor do autoemprego, tanto pola vía dos servizos como pola vía dos incentivos, de xeito que se minimicen os custos iniciais da súa posta en marcha.”

Aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 37 abstencións.

*(Proposta de resolución núm. 27 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

12.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar coordinadamente cos concellos para mellorar a situación das policía locais, na dirección de:

— Realizar as actuacións necesarias para a unificación e homoxeneización da uniformidade e distintivos profesionais de todos os corpos de policía locais de Galicia, asumindo a

función de coordinación de policía locais, para acadar unha identidade propia que sexa un símbolo da seguridade da nosa comunidade autónoma.

— Incrementar as actividades de información e formación destinadas aos integrantes das policía locais, así como de intensificar as actuacións dirixidas aos concellos de asesoramento, seguimento e control do cumprimento da normativa de coordinación de policía locais.

— Continuar coas negociacións cos representantes dos concellos designados pola Fegamp e cos representantes das policía locais, así como realizar as xestións administrativas oportunas para acadar a totalidade do desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 6 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

13.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar un programa de servizos de apoio á Administración de xustiza que mellore a eficacia dos órganos xurisdiccionais e, sinaladamente, os seguintes:

a) A implantación da mediación como método alternativo de resolución de conflitos, especialmente no ámbito penal.

b) Servizos de apoio na execución de sentenzas.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 7 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

14.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reestruturar o catálogo de ciclos formativos, co fin de conti-

nuar potenciando a formación profesional en Galicia de acordo cos criterios do 2.º Plan galego de formación profesional.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 12 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 15.ª Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado para acadar que se compartan as responsabilidades de planificación e xestión do espectro radioeléctrico galego nos seguintes termos:

— Reasignación do espectro de telefonía móbil para que se poida operar no ámbito galego en diferentes bandas.

— Reasignación da TDT local que non se desenvolva para que os concellos rurais o destinen ao acceso de banda larga.

— Habilitación de subarrendamentos no mercado secundario do espectro para que novos operadores autonómicos poidan obter licenzas a prezo máximo fixado polo Estado.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 15 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 16.ª Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a propoñer e defender, diante da Administración do Estado e a da UE, que se establezan e modifiquen as normativas da configuración dos prezos das materias primas alimentarias de primeira necesidade, para que sexan reguladas as súas marxes comerciais, que se configure un prezo desde o produtor ao consumidor, co obxectivo de darlle unha maior transparencia ao seu mercado, evitar movementos especulativos e articular mecanismos que poidan garantirlles rendas dignas

aos produtores e ofrecerlles aos consumidores unha maior e mellor información.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 16 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 17.ª Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para a creación dun observatorio de prezos dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 23 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 18.ª Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que sen tardanza se acometa a elaboración daqueles plans de áreas funcionais que presentaran aínda déficits de solo empresarial, mesmo logo de rematar a construción de todos os que se están a desenvolver na actualidade.”

Aprobada por 38 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

*(Proposta de resolución núm. 29 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 19.ª Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear unha comisión de celebración do bicentenario da independencia dos países hispanoamericanos e a utilizar a rede de centros galegos en América para abrir un espazo de participación e de reflexión cara ao futuro das nosas relacións con aquel continente e darlle a esta rede todo o protagonismo que a importancia das celebracións require.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 2 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 20.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que continúe actuando firmemente a través dunha atención especializada, en rede e con visión de país, co fin de garantir a profesionalización e a calidade na intervención coas mulleres que sofren violencia de xénero, e asegurar deste xeito o desenvolvemento do marco normativo propio: a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 4 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 21.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar para favorecer a integración das persoas discapacitadas na Administración autonómica galega e:

— Efectuar un estudo sobre a situación actual e as dificultades que hai que resolver.

— Elaborar un catálogo de postos de traballo dentro da Administración pública autonómica que sexan aptos para ser ocupados por persoas con algún tipo de discapacidade.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 5 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 22.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fortalecer as medidas que, no actual contexto económico de crise,

permitan responder aos retos de mellora da competitividade e garantan o benestar dos cidadáns. Estas medidas concretaranse no marco do Acordo pola competitividade de Galicia 2008—2011, orientadas ao fomento do investimento empresarial e do espírito emprendedor, e, en concreto, as seguintes:

a) Dar facilidades para o acceso ao financiamento e asesoramento económico e técnico que axude ao sostemento da actividade económica e do emprego.

b) Reforzar o sistema de capital risco e de garantía recíproca (Afigal, Sogarpo).

c) Ampliar e axilizar o financiamento e avais a empresas en crise.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 8 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 23.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a defender, na revisión do modelo de financiamento autonómico, os seguintes criterios:

— Que o criterio básico sexa a cobertura das necesidades de gasto das comunidades autónomas, contemplando o conxunto das competencias.

— Que se reforce ou se introduza, se é o caso, a dispersión e o avellentamento como variables de determinación do custo efectivo de prestación dos servizos, en todos os compoñentes do gasto.

— Que se afonde nos principios de autonomía e corresponsabilidade fiscal, de modo que Galicia teña un maior espazo fiscal propio.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 9 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 24.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a conseguir no cento por cento dos centros educativos de infantil a anticipación da primeira lingua estranxeira.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 13 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 25.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco das resolucións aprobadas unanimemente pola Cámara, prosiga coas actuacións encamiñadas ao retorno do estaleiro de Fene á construción naval civil.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 14 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 26.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia integral de atención ao cancro, que sirva de referente para mellorar a atención que se lles presta ás e aos pacientes afectados, na rede do Sistema Público de Saúde de Galicia.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 18 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 27.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a estender a implantación da receita electrónica, en toda a comunidade autónoma galega, no 2009.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 19 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 28.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un inventario do patrimonio industrial de Galicia co obxectivo de acometer plans directores dos diversos conxuntos patrimoniais e programar e priorizar as intervencións concretas. A partir deste inventario promoverase a creación dun plan de intervencións que contará coas actuacións obrigadas no conxunto histórico de Sargadelos, nas minas e poboados de Fontao e de San Finx e nas ferrarías das serras orientais galegas.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 22 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 29.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a revisar o Plan hidrolóxico de Galicia—costa para adaptalo ás prescricións da Directiva marco da auga e a aprobar e pór en marcha o Plan galego de loita fronte ao cambio climático.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 26 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 30.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que o recentemente nado Issga desenvolva de xeito inmediato os plans de actuación, estudos e medidas necesarias para cumprir os obxectivos marcados no Plan estratéxico de prevención de riscos de Galicia 2007—2010, en canto organismo técnico e de planificación, así como de coparticipación institucional da Xunta de Galicia e os axentes económicos e sociais do país.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 28 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 31.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir negociando co Goberno central a transferencia directa de parte dos recursos orzamentarios que o Estado lles dedica aos plans cuadrienais de vivenda, co obxectivo de acadar unha maior operatividade na execución das políticas de vivenda que necesitan os galegos e as galegas.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 30 das formuladas polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.)*

#### 32.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo as accións precisas para darlles cumprimento aos acordos do Parlamento de Galicia en materia de regulación do voto exterior.”

Aprobada por unanimidade.

*(Resolución resultante da transacción elaborada por todos os grupos parlamentarios en base á proposta de resolución núm. 4 das formuladas polo G.P. Popular de Galicia.)*

#### 33.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer efectivo o acordo de crear o Observatorio da Negociación Colectiva, que se encargue, ademais, de facer un seguimento da implicación dos axentes sociais na conciliación da vida laboral, familiar e persoal dos traballadores e traballadoras galegas.”

Aprobada por unanimidade.

*(Resolución resultante da transacción elaborada por todos os grupos parlamentarios en base á proposta de resolución núm. 41 das formuladas polo G.P. Popular de Galicia.)*

#### 34.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coas accións precisas, no marco das relacións co Goberno do Estado, para cumprir o establecido na Proposición non de lei conxunta relativa ao cumprimento dos compromisos asumidos polo Estado en materia de alta velocidade ferroviaria en Galicia (núm. de rexistro 30263), aprobada por unanimidade na sesión plenaria do 9 de setembro de 2008.”

Aprobada por unanimidade.

*(Resolución resultante da transacción elaborada por todos os grupos parlamentarios en base á proposta de resolución núm. 187 das formuladas polo G.P. Popular de Galicia.)*

#### 35.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no prazo de 90 días, se dirixa ao Goberno central para que leve a cabo as xestións conducentes ao recoñecemento e homologación no Estado español dos permisos de conducir expedidos a nome dos cidadáns españois noutros países, e se establezan os requisitos que se consideren necesarios para a seguridade da circulación de persoas e bens.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 156 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

#### 36.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a remitir-lle á Cámara un informe trimestral sobre a situación da concentración parcelaria, que faga referencia aos proxectos en marcha e a aqueloutros pendentes de iniciación”.

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 367 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

37.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar e impulsar as Rutas do Viño de Galicia, e a que habilite as axudas tanto para os concellos como para as empresas que queiran reformar e adaptar as súas instalacións ás esixencias das Rutas do Viño”.

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 380 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

38.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que remate a redacción dos proxectos e plans das denominacións de orixe Valdeorras, Rías Baixas e Monterrei no prazo dun mes, para proceder á súa execución inmediata.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 382 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

39.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de cara á elaboración das futuras políticas de xuventude, teña en conta o estudo e conclusións dos traballos da Comisión Non Permanente para o Estudo da Mocidade en Galicia que se constituíu no Parlamento galego”.

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 432 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

40.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se leve a cabo no prazo de tres meses un plan de acción, entre os distintos departamentos responsables, encamiñado a fomentar a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos deportivos.

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 456 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

41.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no marco da política deportiva se faga unha aposta clara por que Galicia sexa sede de grandes eventos deportivos, dada a súa capacidade de axentes dinamizadores do tecido deportivo, pero tamén como xeradores de riqueza e coñecemento da nosa comunidade.

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 457 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

42.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno central a transferencia á Comunidade Autónoma dos edificios hospitalarios e locais sanitarios que neste momento son titularidade da Tesouraría Xeral.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 467 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

43.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á implantación e extensión da extracción capilar para facer o control do Sintrón na atención primaria.”

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 471 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

44.<sup>a</sup> Resolución

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar a dimensión ambiental das instalacións acuícolas, e a

promover as innovacións nos sistemas produtivos ou de xestión de residuos que reduzan o impacto no medio”.

Aprobada por unanimidade.

*(Proposta de resolución núm. 517 das formuladas polo G. P. Popular de Galicia.)*

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2008

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
  - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
  - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
  - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
  - 2.1 INVESTIDURA
  - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
  - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
  - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
  - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
  - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
  - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
  - 3.5 MOCIÓNS
  - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
    - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
    - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
  - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
  - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
  - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
  - 4.2 INTERPELACIÓNS
  - 4.3 PREGUNTAS
  - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
  - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
  - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
  - 5.3 VALEDOR DO POBO
  - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
  - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
  - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
  - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
  - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
  - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
  - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
  - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
  - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
  - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
  - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
  - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
  - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
  - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
  - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.2 PERSOAL
  - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
  - 9.1 INFORMACIÓNS
  - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



---

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25